



**CONCELLO DE TEO** (A CORUÑA)

**D.<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

**CERTIFICA:**

Que a sra. alcaldesa, con data de 24 de febreiro de 2026, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL. EXPTE 2026/G003/000237

**EXPEDIENTE:** 2026/A006/000002

Visto o convenio de colaboración, asinado en data 13 de novembro de 2025, entre a Xunta de Galicia, a través da consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Federación galega de municipios e provincias (FEGAMP), para o desenvolvemento dunha administración dixital.

Considerando que, segundo a cláusula terceira do Convenio, se establece a posibilidade de que as entidades locais de Galicia poidan adherirse ao mesmo, coa finalidade de garantir á cidadanía o acceso electrónico aos servizos públicos, posibilitando a súa interacción con calquera Administración Pública.

Tendo en conta que as solicitudes de adhesión, de acordo co modelo do anexo II do Convenio, serán dirixidas á Comisión de Seguimento do mesmo, prevista tamén na cláusula terceira, e que poderán presentarse en calquera momento.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

**RESOLVO:**



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

**Primeiro.-** Solicitar a adhesión ao Convenio de colaboración asinado en data 13 de novembro de 2025, entre a Xunta de Galicia, a través da consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Federación galega de municipios e provincias (FEGAMP), para o desenvolvemento dunha administración dixital.

**Segundo.-** Remitir a solicitude de adhesión á Comisión de Seguimento do Convenio prevista na cláusula terceira do mesmo.

**Terceiro.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

---

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz

Visto e praxe

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz